

## ENTROIDO IES EBA 2015

### 1.- CERTAME DE CARTEIS

- Os carteis estarán elaborados en formato DIN-A3.
- Deben incluír:
  - Alusión ao IES Eduardo Blanco Amor
  - Data da festa (13 de febreiro de 2015)
- Non figurarán datos do autor ou autora. No momento da entrega cada cartel será designado por un código que se relacionará co autor ou autora do mesmo.
- **Data límite de entrega: 4 de febreiro de 2015.**
- Todos os carteis serán expostos nos corchos da entrada do instituto.
- Haberá un xurado composto por un profesor ou profesora, un alumno ou alumna, un membro do personal non docente e un pai ou nai.
- O xurado publicará o cartel gañador o venres 6 de febreiro.
- O cartel gañador será utilizado para publicitar o entroido IES EBA 2015 a todos os efectos.
- O autor ou autora do cartel gañador recibirá un premio por xentileza da ANPA.

### 2.- CONCURSO DE DISFRACES

- **A data límite para apuntarse será o 4 de febreiro de 2015.**
- Pasada esa data só será posible engadir a alguén nun grupo previamente formado e apuntado dentro do prazo sinalado.
- Para apuntarse haberá que indicar:
  - tema, motivo ou nome do disfraz ou do grupo
  - Se vai precisar música ou algún outro medio técnico para a posta en escea
  - nome, apelidos e grupo de clase de cada un dos participantes
- Para apuntarse, no local do ANPA
- Non está permitido o uso de caretas, máscaras nin ningún outro elemento que impida recoñecer aos disfrazados.
- Non se admitirá como disfraz o vestirse cun buzo ou calquera outro uniforme de traballo, se non está suficientemente caracterizado e teatralizado.
- **Se pasado o prazo de inscrición non se aprecia suficiente interese por parte dos alumnos e alumnas, a festa será suspendida.**
- Haberá tres categorías de premios:
  - Ao mellor disfraz individual
  - Ao mellor disfraz colectivo
  - Ao mellor disfraz colectivo do mesmo grupo de clase.
- O número mínimo para participar como grupo-clase será de 5 persoas
- Valorarase orixinalidade, coreografía, posta en escea, interpretación, cantigas,...
- Os premios serán costeados pola ANPA.

**OS/AS PARTICIPANTES LEVARÁN UNHA CONSUMICIÓN PARA A CAFETERIA DO CENTRO**